

factores históricos, geográficos y cronolóxicos, por citar algunos de los máis evidentes. La alternativa pasaría por una combinación de ambos métodos, lo que podría llegar a confluír en una crítica literaria positivista, próxima a la de Gustave Lanson (1857-1934). Serían relevantes los factores históricos, sobre todo aqueles máis localistas relacionados con la Compostela habitada por Aguirre, sin descuidar los ambientes sociales en los que se pudo mover. Esto, sin duda, ayudaría a determinar su perfil literario.

Debemos agradecer a Olivia Rodríguez el cuidado y respeto absoluto al principio de autenticidad de la obra poética de Aguirre con que ha realizado esta edición, analizándola y anotándola por primera vez, por lo que pasa a ser un texto de referencia obligada en los ámbitos de estudio de su biografía y de su bibliografía. Con este nuevo compendio accesible, justo es felicitarla a ella y, también, a Alvarellos Editora y al Consorcio de Santiago, pues su iniciativa ha permitido liberar y ubicar en el espacio público lector una parte importante de la producción lírica de Aurelio Aguirre.

Lucía GARCÍA VEGA

SALGADO, Xosé Manuel e BLANCO, Carmen (eds.) (2014): *Xosé María Díaz Castro: Día das Letras Galegas 2014*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, Servizo de Publicacións e Intercambio Científico, 237 pp.

Esta obra é un tributo da Universidade de Santiago de Compostela a Xosé María Díaz Castro por mor de ser homenaxeado o Día das Letras Galegas de 2014. As partes que integran este libro resultan de grande interese, ademais de fundamentais para o coñecemento da obra e do pensamento do autor lucense. Proba disto atopámola no feito de que, grazas a varios especialistas como Carmen Blanco, Xosé Manuel Salgado e Armando Requeixo, imos coñecer boa parte da produción inédita do autor de *Nimbos*.

Primeiro de todo, nas pp. 7-11 temos unha “Introdución” de Carmen Blanco na que dá boa conta da integración deste libro na colección

que a Universidade de Santiago de Compostela dedica anualmente aos homenaxeados na festa das Letras Galegas. Este ano 2014 o elixido é o lucense Xosé María Díaz Castro. Preséntanos o primeiro poemario del, ata agora inédito, *Follas verdes. Cantares e romances* (Mondoñedo, xaneiro e febreiro de 1934). Como veremos deseguida, boa parte da súa produción, espallada aquí e acolá, foi recollida e estudada na actualidade polo editor e crítico literario Armando Requeixo no libro de recente publicación *Xosé María Díaz Castro. Vida e obra*. Este traballo foi inicialmente a súa tese doutoral *A poesía en galego de Xosé María Díaz Castro: estudo e edición crítica*, dirixida por Claudio Rodríguez Fer e por Carmen Blanco.

O artigo que segue á “Introdución” escribeo Xosé M. Salgado e leva por título “Na amañecida de Follas verdes” e podémolo ler nas pp. 11-15. A existencia desta produción artística de Díaz Castro, que non se coñecía, sempre é motivo de ledicia, como ben sinala Salgado neste artigo. As razóns que levan a un autor á non publicación da súa obra poden ser o extravío, a perda, ben sexa por mor do autor ou por outros, ou mesmo non ter interese en que vexa a luz. Os motivos polos que *Follas verdes* non se chegou a publicar son descoñecidos na actualidade. Mais con todo algúns dos poemas ou fragmentos destes alí recollidos chegaron a saír en diferentes números das revistas *Dorna* e *Xermolos*. O poemario *Follas verdes. Cantares e romances* aparece dividido polo autor en cinco seccións introducidas por unha especie de prólogo que contén as verbas de Díaz Castro onde se refire aos “dreitos d’edición, tradución e refundición reservados” e tamén algunhas “ouservacións” ao “leutor”.

A “Reprodución facsimilar do manuscrito autógrafa de Follas verdes” atopámola no corpo deste libro (pp. 17-146). O autor de *Nimbos* (1961), unha das mellores obras da literatura galega, deixou esta obra rematada e preparada para a súa publicación aínda que xamais o fixo. As partes en que está dividido o poemario son cinco e en todas se sente o influxo de Rosalía de Castro, presente tamén no seu título. As cinco seccións que constitúen *Follas verdes* van en-

cabezadas por estes títulos: «Follas perdidas», «Lyra enxèbre», «Ditos e refrás», «As noites» e «Romances, baladas e pensamentos líricos». A calidade literaria destes versos non está ao nivel de *Nimbos*, mais aínda con todo é un gran pracer lelos e gozar, así mesmo, da caligrafía de Díaz Castro.

A continuación, entre as pp. 147-176, temos o artigo “Xosé María Díaz Castro e a antoloxía *Terre d’Espagne*” de Armando Requeixo, autor de *Xosé María Díaz Castro. Vida e obra*, publicado hai uns meses pola editorial Galaxia. Aquí temos o retrato da hispanista belga Françoise Pechère, boa coñecedora e amiga de importantes intelectuais españois do século XX tales como Juan Ramón Jiménez, Zenobia Camprubí, José Luis Cano, Ramón González-Alegre, Marià e Albert Manent entre outros. Para o apartado de poesía galega da súa antoloxía sobre a poesía dos territorios españois foi determinante e fundamental Xosé María Díaz Castro. O lucense ademais de escritor foi un tradutor notable. Participou activamente en varias revistas literarias de recoñecido prestixio onde destaca *Alba*. Alí el publicou algúns dos seus poemas e traducións ao castelán de Chesterton ou Rilke. Este artigo escrito por Armando Requeixo inclúe anaquiños de cartas de Díaz Castro a Ramón Piñeiro ou a Castro Novo, entre outros. Nunha delas o lucense confirma a súa participación en *Terre d’Espagne / Tierra de España*, de Françoise Pechère, quedando patente a súa humildade: “colaboréi eu un pouquiño coa autora (no traballo de tradución)”, como podemos ler na carta da p. 158. Os autores dos textos escolmados son: Meendiño, o rei Don Denis de Portugal, Martin Codax, Rosalía de Castro con algúns poemas de *En las orillas del Sar*, e cinco autores do século XX: Fermín Bouza-Brey, Aquilino Iglesia Alvariño, Celso Emilio Ferreiro, Xosé María Díaz Castro e Cesáreo Pardo Esperanza. Hai algúns erros de datación dos autores das cantigas de amigo da lírica medieval: Meendiño, o rei Don Denis de Portugal e Martin Codax, na antoloxía de Françoise Pechère. Investigacións posteriores ao traballo da belga así o confirmaron.

Deseguido Carmen Blanco engade outro traballo “Penélope na «Galiza/Galice» de Françoise

se Pechère” (pp. 177-187), sobre o fermoso poema que Díaz Castro titulou como a protagonista da Odisea. A selección de textos desta antoloxía, dito pola propia autora Françoise Pechère, fíxose de xeito arbitrario, onde presenciamos esta aclaración como unha clara mostra de honestidade. Neste apartado pódese ver a sobrecuberta da antoloxía *Terre d’Espagne / Tierra de España*. Segundo Carmen Blanco, os lectores do libro de Pechère van presenciar un diálogo interior coa terra onde esta é a protagonista xunto co mito de Penélope, “porque «Penélope» é a poesía que persiste”, en palabras de Blanco.

A obra péchase con dúas achegas excepcionais. A primeira recolle a “Reproducción facsimilar da antoloxía poética galego-francesa «Galiza / Galice» de *Terre d’Espagne / Tierra de España*” de Françoise Pechère (1968) nas pp. 189-230. A segunda achega é un “Apéndice Fotográfico” que ten a Díaz Castro como protagonista nas pp. 231-237. No capítulo “Galiza / Galice” da citada antoloxía reproducense os poemas en ambas as dúas linguas, primeiro en galego e deseguida en francés, polo que resulta áxil e fermosa a lectura da antoloxía aínda para un falante de galego non experto no idioma galo.

Sen dúbida este libro é unha homenaxe sincera e entrañable para ter presente a memoria de Díaz Castro, un home de palabra, un home de mirada penetrante, cheo de vigor creador, home cun compromiso vital coa nosa lingua. Díaz Castro intentou por todos os medios ser un home do seu tempo, vivir á altura do momento histórico no que se desenvolveu a súa existencia. Co presente libro, publicado pola Universidade de Santiago de Compostela e magnificamente editado por especialistas en literatura galega tales como Carmen Blanco, Xosé Manuel Salgado e Armando Requeixo, profundizamos na obra e no pensamento de Xosé María Díaz Castro. A partir dunha atenta e rigorosa investigación do escritor entramos de cheo no autor de “Penélope”. Aínda que como puidemos ver, o lucense destacou por varias facetas, non só a de magnífico poeta senón tamén a de marabilloso tradutor.

María CURROS FERRO